



CONSELLERÍA DE SANIDADE
SECRETARÍA XERAL
www.sergas.es

10 AGO. 2010

Nº 877

ENTRADA SAÍDA

Con data 26 de xuño foi presentado por ese Sindicato o escrito no que, despois de facer as alegacións que consideraba oportunas en relación co Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia, remataba solicitando que esta Consellería “clarifique á maior brevidade posible, que a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, estase a referir que a colexiación obrigatoria, que nela se recolle, é para as profesións tituladas universitarias”.

En contestación ao escrito de referencia procede realizar as seguinte consideracións:

Primeira: A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, diferencia claramente entre as profesións tituladas e os profesionais da área sanitaria de formación profesional.

Así define as profesións sanitarias tituladas, como “aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe específica e fundamentalmente a dotar aos interesados dos coñecementos habilidades e actitudes propias da atención da saúde”. Os profesionais do área sanitaria de formación profesional son aqueles que ostentan os títulos de formación profesional da familia profesional Sanidade, ou, os títulos e certificados equivalentes dos mesmos.

Segunda: A maior abundamento os artigos 2 e 3 da citada Lei, establecen os efectos de cada definición en relación coa Constitución Española de 1978. Así o artigo 2 establece que a definición de profesións sanitarias realizase de conformidade co establecido no artigo 36 da Constitución, mentres que o artigo 3 refire á definición dos profesionais da área sanitaria de formación profesional, de conformidade co establecido no artigo 35.1 da Constitución.

Terceira: O artigo 2.1 da Lei 44/2003 engade que as profesións sanitarias tituladas están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes públicos. Aspecto este que non se establece para os profesionais da área sanitaria de formación profesional.



Cuarta: A Lei 44/2003 ven a desenvolver, no seu ámbito específico, o artigo 36 da CE, trasladando a unha norma positiva á doutrina do tribunal constitucional, reflectida, entre outras, na STC 76/2003, do 23 de abril, que sinala que “debe ser o lexislador quen debe determinar que profesións quedan fora do principio xeral de liberdade, valorando cales desas profesións requiren, por atender aos fins mencionados, a incorporación a un colexio profesional”.

Neste contexto debe entenderse o parágrafo terceiro do artigo 2 da Lei 44/2003, cando sinala que, de conformidade co establecido na Lei 10/1986, do 17 de marzo, sobre odontólogos e outros profesionais relacionados coa saúde dental, **teñen carácter de profesións sanitarias as de protésico dental e a de hixienista dental.**

Quinta: O colexio de hixienistas dentais de Galicia foi creado pola Lei do Parlamento de Galicia 1/2006, do 1 de decembro, publicada no Diario Oficial de Galicia do 18 de decembro de 2008 e no BOE do 11 de xaneiro de 2007, estando vixente desde entóns.

Por tanto, á vista do establecido, con carácter xeral, sobre as profesións sanitarias e, en particular, sobre a profesión de hixienista dental, e tendo en conta o sinalado no artigo 36 da Constitución Española, na Lei 10/1986 e na Lei 1/2006, a actuación do colexio profesional de hixienistas dentais **ten soporte na Lei 1/2010**, de modificación de diversas Leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2010.



Secretaría xeral

Sagrario Pérez Castellanos

SECRETARIA NACIONAL DE CIG-SAÚDE